NOELIA	GANDERIA COLORADO S.C.	ALFONSO VILLAMOR VARELA	2.700
A DEvesa INCOME T-76	SAT LANGUEIRON XUGA 934	ANA LUCIA ALVITE CAAMAÑO	3.000
8337 TITANA	ANTONIO CORRAL VILLAVERDE	SAT FONTECOBA	2.700
ARO 323 GALAN 50	COOP. S. ANTONIO DE ARO	EDELMIRO ALVITE NOVIO	2.750
MAROÑAS 221 RUZO	GANADERIA MAROÑAS S.C.	Mª CARMEN LAMAS SANTOS	2.950
JESUSA 2457 CADOS	GANADERIA JESUSA S.C.	ALFONSO VILLAMOR VARELA	2.650
ARO 496 RUDOLPH 46	COOP. S. ANTONIO DE ARO	TORRES SAT	2.700
CARETA	MIGUEL SALGADO GAREA	GANADERIA CAPOTE S.C.	2.700
LEONOR	GANDERIA COLORADO S.C.	CARREIRA DE CIVES S.C.	2.450
NUVEIRA LIMA MIRA	JOSE M. LADO PEREZ	ALFONSO VILLAMOR VARELA	3.400
VILAF. LUCERA 277 ALLEN	GANADERIA VILAFERREIROS S.C.	OVIDIO OTERO FORNIS	3.350
R. NEGRA 98 SAMBREIXO	MANUEL GARCIA CAMBON	BARQUEIRO S.C.	2.450
R. BLANCA 94 SAMBREIXO	MANUEL GARCIA CAMBON	OVIDIO OTERO FORNIS	3.150
ARO 354 MIRA 34	COOP. S. ANTONIO DE ARO	CELTIGOS S.COOP. GALEGA	2.700
TOTAL			62.100
PREZO MEDIO			2.823

DATOS FACILITADOS POR AFRICOR-CORUÑA



Nuveira Lima Mira



A poxa congregou numeroso público



Vilaferreiros Lucera 277 Allen



Carreira Lee 3797



A Devesa Income T-76



Ramisquido Blanca 94 Sambreixo

20 anos...



...sementando confianza

...recolleitando fidelidade

esa é a nosa garantía

Ganadería O CASTRO, S.L



Non te esquezas de **encalar** as terras e **abonaras** con **AGRIMARTIN**, abonos de liberación gradual, especiais para a sementeira do millo.

Elixe a **formulación máis axeitada** en función da analítica do solo e da dispoñibilidade de puríns:

18-12-10; 24-14-0; 20-10-5; 18-6-12;...

Coas variedades de **sementes de millo FCS** e os abonos **AGRIMARTIN**, farás uns silos de **primeira calidade**, e moita cantidade.



AGRIMARTIN

Este ano novas variedades

MILONGA 400

e **BISHOP 500**

GANADERÍA O CASTRO, S.L

Avda. Recinto Feiral, 2

36540 – Silleda (Pontevedra)

Tfno.: **986 580 003** Fax.:986581367

Móviles: 669 840 751 – 669 840 752

e-mail: ocastro@ganaderiaocastro.com

XVI Concurso de Gando Frisón Chantada '07

Chantada, Lugo, 27 de Outubro

Xuíz: D. José Manuel Paz Conde (Xuíz Nacional de Conafe)

Ganderías participantes: 32 • Animáis participantes: 88

Xatas ata 8 meses

1ª Callobro Vert. Plastilina G.Z. (Callobro – Trabada)

XATA CAMPIONA

Xatas de 8 a 10 meses

1ª Perrelos Amada Botafogo (Perrelos - Taboada)

Xatas de 11 a 13 meses

1ª Rey 425 Esquisita September (Miñotelo - A Pastoriza)

Xata Subcampiona

Xatas de 14 a 16 meses

1ª Quinta Stormatic Tila (Quinta - Taboada)

Xovencas de 17 a 19 meses

1ª Pozosaa Goldwyn Sara (Pozo – Lugo)

Xovencas de 20 a 22 meses

1ª Montes Talent Migalla (Montes - Chantada)

Xovencas de 23 a 26 meses

1ª Ganadpozo Champ. Madia 9174 ET (Pozo – Lugo)

XOVENCA CAMPIONA - GRAN CAMPIONA XOVENCAS

2ª Capon September Cati (Capon – Chantada)

Xovenca Subcampiona

Vacas en Lactación ata 30 meses

1ª Outeiro Darter Mandela (Outeiro - Chantada)

VACA NOVA CAMPIONA

2ª Travesia Titanic Trudy ET (Sandamil - Castro de Rei)

Vaca Nova Subcampiona

Vacas en lactación de 31 a 35 meses

1ª Gaigo Gamesa Picolo (SAT Gaigo - Meira)

Vacas en lactación de 36 a 41 meses

1ª Outeiro Lheros Bambi (Outeiro - Chantada)

Vacas en lactación de 42 a 47 meses

1ª Outeiro Champion Mindy (Outeiro – Chantada)

Vaca Intermedia Subcampiona

Vacas en lactación de 4 años

1ª Rey 365 Borja Lheros (Miñotelo - A Pastoriza)

VACA INTERMEDIA CAMPIONA

Vacas en lactación de 5 a 6 años

1ª Pozo Lee 4760 (Pozo – Lugo)

VACA ADULTA CAMPIONA - GRAN CAMPIONA DE VACAS

Vacas en lactación de máis de 6 años

1ª Fieldhouse Blacky 33 (Pozo – Lugo)

Vaca Adulta Subcampiona

Mellor Criador

1º OUTEIRO - Chantada

2º POZO - Lugo

Mellor Rabaño


1º OUTEIRO – Chantada

2º POZO – Lugo

DATOS FACILITADOS POR AFRICOR-LUGO



Ganadpozo Champ. Madia 9174 ET - XOVENCA GRAN CAMPIONA



Pozo Lee 4760 - VACA GRAN CAMPIONA

... e no concurso de Xóvenes Manexadores Chantada '07

Sección 1 - De 15 a 18 anos

- 1º Roi Capón Fernández (Capón - Chantada)
- 2º J. Alberto Iglesia Vila (Rei de Miñotelo - A Pastoriza)
- 3º Miriam Villaumbrales Souto (Quintá - Taboada)

Sección 2 - De 10 a 14 anos

- 1ª Águeda Capón Fernández (Capón - Chantada)
- 2º David de la Torre Rey (Tato - Chantada)

Sección 3 - Ata 9 anos

- Andrés Vázquez García (Adolfo - Chantada)
- Brais Pereira Areán (José Luis - Chantada)
- Carmen Seijas Acosta (Chantada)
- Mª José Teixiríz Regal (Casa do Ferreiro - Chantada)
- Marcos Osorio Noguerol (Fontestriz - Chantada)
- Pablo Martins García (Perrelos - Taboada)
- Raúl González Saa (Chantada)
- Uxía Ayala Regal (Casa do Ferreiro - Chantada)
- Uxía Moure Regal (Lixeiro - Chantada)

Concurso manexadores adultos

- 1º Iván López López (Novelle - Paradela)
- 2º Diego Balsa Amor (Nodi - Barreiros)

XII Concurso Frisón Becerra Selecta 2007

A Estrada, Pontevedra, 21 de Outubro

Xuíz: D. Joaquín Sabriá Pujol (Xuíz Nacional de Conafe)
Animais participantes: 85 • Ganderías participantes: 28

Becerras ata 6 meses

- 1ª Corral Torreiro Landoi Toura (Gand. Corral - Forcarei)
Becerra Subcampiona

Becerras de 6 a 10 meses

- 1ª Blanca Goldwyn Rua (Gand. Argelina - Forcarei)
Becerra Campiona
XOVENCA GRAN CAMPIONA

Becerras de 10 a 14 meses

- 1ª Pereira Bond Bambina (Gand. Pereira - Forcarei)

Xovenas de 14 a 18 meses

- 1ª Corral Torreiro Lerez Loyola (Gand. Corral - Forcarei)

Xovenas de 18 a 22 meses

- 1ª Santaya Throne Saleta (Finca Santaya - A Estrada)
Xovenca Subcampiona

Xovenas de máis de 22 meses

- 1ª Arca Marshall Jacinta (Gand. Arca - Forcarei)
Xovenca Campiona

Mellor Criador Becerra Selecta

- 1º Gand. ARCA – Forcarei
- 2º Gand. CORRAL – Forcarei

Xóvenes Manexadores Becerra Selecta '07

Sección 1 - Menores de 12 anos

- | | |
|--------------------------|-----------------------|
| Fátima Míguez Miguens | Sheila Carbia Tejo |
| Manuel Fuentes Correa | Adrián Fuentes Correa |
| Alejandro Gañete Vidal | Martín Tey Iglesias |
| Ivan Picano Lorenzo | Lucía Gañete Vidal |
| Diego Martínez Villaseca | |

Sección 2 - De 13 a 19 anos

- 1º Diego Gañete Vidal
- 2º Adrián Conde Taboada
- 3º Rubén Rey Iglesias

DATOS FACILITADOS POR AFRICOR-PONTEVEDRA



Blanca Goldwyn Rua - BECERRA CAMPIONA



Arca Marshall Jacinta - XOVENCA CAMPIONA

Os factores do éxito na Transferencia Embrionaria



Por Daniel Martínez Bello
Veterinario e Director Técnico U.T.E. Bos

Parte I. ¿Cómo medir o éxito na T.E.?

A Transferencia Embrionaria está experimentando en Galicia un incremento moi importante do seu uso, de tal xeito que moitas ganderías recurri-

ron recentemente a esta técnica por primeira vez, mentras noutras xa forma parte da rutina da explotación dentro do seu esquema de selección.




Resulta frecuente condicionar a continuidade ou non utilizando embrións ao éxito acadado nas primeiras experiencias, o cal é comprensible desde o punto de vista dunha actividade nova e que de entrada pode supoñer unha inversión que tardará tempo en fructificar. En calquera caso unha vez dado o primeiro paso debemos plantexar un enfoque profesional do tema avaliando os resultados con criterios técnicos e obxetivos. Pero ¿cómo medir o éxito na T.E.? e ¿qué poido facer para lograr un bo resultado?. Estas serán as preguntas que intentaremos contestar en dous números do Branco e Negro.

O éxito da transferencia embrionaria pode medirse de diferentes maneiras e estudarse desde distintos puntos de vista pero hai dous puntos que sempre se avalían e a menudo son considerados como a medida do éxito:

- 1 O número de Embrións Viables obtidos tras cada recollida dunha vaca doante.
- 2 Os diagnósticos de xestación positivos nas receptoras transferidas o mes anterior.

Para un gandeiro, a medida de máis relevancia é a do número de crías obtidas, nadas vivas e sans, ou mellor aínda, o número de femias, tras cada merca de embrións ou tras unha recollida a unha doante.

Incluso poderíamos ir máis aló e avaliar a calidade dos animais xur-



O aumento na actividade en T.E. experimentado nas ganderías galegas durante os últimos anos está relacionado co desenvolvemento do programa de Bos e a calidade dos animais xurdidos das primeiras etapas. A capacidade de produción de embrións en Galicia está a multiplicarse debido o aumento de doantes presentes nas ganderías.

Táboa 1
Estudo comparativo facendo o seguimento de 20 anos de 4 programas de T.E. en Norteamérica

Ano	PROGRAMA 1		PROGRAMA 2		PROGRAMA 3		PROGRAMA 4	
	Nº Recollidas	Promedio embrións viables	Nº Recollidas	Promedio embrións viables	Nº Recollidas	Promedio embrións viables	Nº Recollidas	Promedio embrións viables
1980-81	1005	4,7						
1984			490	3,5				
1985			402	4,1			140	5,0
1986			260	5,0			199	5,6
1987			337	3,8	263 (85-89)	4,6	344	6,5
1988							370	6
1989							450	6,1
1990-91	1970	4,2					445	5,7
1994			402	3,6				
1995			174	3,4				
1999-00	646	4,0	128	4,2	202 (01-04)	4,2	1308	6,6
2004			194	3,5	131	6,1	638	7,1

Programa 1: Pennsylvania / Programa 2: California (San Joaquín Valley) / Programa 3: Oregon (Tillamook Valley) / Programa 4: Québec, Canadá.

didos en comparación coas compañeiras coas que convivan e compitan. Os resultados obtidos pola descendencia estará condicionado en primeiro lugar pola xenética dos pais e nais empregados e o seu poder de transmisión, e en segundo lugar pola recría e manexo posterior que se faga dos animais, pero este xa é un campo máis relativo ás avaliacións xenéticas e manexo que a T.E. en si.

Para medir os resultados obtidos en transferencia embrionaria, ou para saber que podemos esperar do uso desta técnica é preciso ter en conta toda unha serie de condicionantes con moitas variantes para cada caso particular.

Moitos gandeiros escoitaron algunha vez "tivemos 20 embrións viables de cada flushing, e conseguimos porcentaxes de preñez do 80 e o 90%". Ante tal aseveración todo o mundo sinte certa convulsión e ganas de probar cousas diferentes: cambiar de penso ou de corrector, cambiar de veterinario ou de equipo de transferencia embrionaria, ou probar un produto milagre que acaba de saír ó mercado, etc. Normalmente todo tipo de ideas innovadoras e creativas que non adoitan

pasar por esforzarse en controlar mellor os celos, manter todo o ano unha alimentación equilibrada e constante, baseada en materias primas de primeira calidade, con forraxes ricos e ben conservados, etc.

Os resultados tan bos coma os do exemplo anterior son posibles e poden ser certos en casos puntuais, pero non reflexan a realidade do que debemos esperar da técnica. Facer bandeira deste tipo de datos como reclamo para convencer do uso da técnica ou favorecer a venta de embrións só conduce a crear expectativas falsas que remata na frustración dos gandeiros, ademais de vulnerar o código deontolóxico veterinario. O gandeiro debe contar cunha información ampla e veraz das vantaxes pero tamén dos inconvenientes da técnica antes de iniciar o seu propio programa.

Unha ollada ao que ocorre arredor, en programas cunha longa traxectoria axudaranos a comprender os resultados obtidos. Os datos mundiais ofrecen una variación importante no resultado de embrións viables según razas predominantes en cada país e tipo de explotacións.

Como exemplo citaremos os datos expostos no Congreso Internacional

da IETS en Florida, no 2006 por J.F. Hasler, quen presentou un estudo comparativo facendo o seguimento durante 20 anos de 4 programas de T.E. en Norteamérica (USA e Canadá) exclusivamente con gando Holstein (ver táboa 1)

Todos os equipos participantes no estudo teñen clientes con promedios por encima da media e outros por debaixo. Cando se collen datos parciais ou de animais concretos os datos poden ser excepcionais, pero cando se contabilizan centos de recollidas de embrións os promedios son máis fiables e representativos. O gando de leite de alta produción promedia entre 4 e 7 embrións viables por recollida según os países, atopando un dos mellores promedios na zona de Quebec en Canadá, onde os responsables dos programas de embrións sinalan como claves a calidade das forraxes empregadas durante todo o ano, e o manexo exquisito das doantes con especial atención a reducir o "estrés" xunto coa experiencia dos gandeiros e os técnicos neste tipo de produción.

Cando se fala de resultados é inevitable falar de datos promedios e este tipo de datos, que son os que

Táboa 2

Simulación: promedio de 6 embrións viables/recollida en 100 recollidas de embrións, cunha distribución normal

N ^a embrións/recollida	% Doantes	Nº embrións totais	% sobre os embrións recollidos
0	18	0	0%
1-2	18	27	4,5%
3-6	27	121	20,2%
7-10	18	153	25,5%
11-15	11	143	23,8%
16-20	6	108	18%
+20	2	48	8%

reflexan a realidade (aínda que moitas veces non coinciden con ningún caso real) necesitan unha interpretación apropiada que so podemos facer ben si contamos coa información suficiente.

Hai unha premisa fundamental e que debemos ter presente en calquera análise e corresponde a un dato que se repite o longo do mundo, recollido en innumerables comunicacións: entre o 20 e o 30% das doantes tratadas non produce ningún embrión viable. E aínda mais, o 70% dos embrións producen so un 30% das doantes tratadas. Segundo estes datos, Seidel e Elsdén no seu libro "Embryo Transfer in Dairy cattle" (Hoards Dairyman, 1997) presentan dous cadros que reproducimos a continuación e que continúan vixentes hoxe en día onde se fai unha figuración do que poden significar as estatísticas trasladadas á realidade (ver táboa 2).

Segundo os datos da táboa 2, aínda obtendo 6 embrións como promedio de 100 vacas, que se considera un promedio desexable, teremos o

36% delas producindo entre 0 e 2 embrións, e o 45% producindo de 3 a 10 embrións. Para ter unha idea do resultado real que obtemos na produción de embrións debemos contabilizar un mínimo de 25 recollidas consecutivas en doantes sans e sen problemas de infertilidade. Moitas veces sácanse conclusións precipitadas con 1 ou 2 vacas recollidas cun resultado excelente ou polo contrario moi pobre (de que alguén fixo algo moi ben ou moi mal), cando en realidade poden entrar dentro da normalidade estatística. Neste caso os datos xerais do equipo a cargo do programa comparando casos "comparables" pode poñer algo de luz na interpretación dos resultados.

Do mesmo xeito podemos saber que esperamos cando se transfiren 4 embrións conxelados cun % de preñez do 50% (ver táboa 3).

Cada vez que se preparan e transfírense receptoras, independentemente do seu no, o resultado obtido pode oscilar entre o 0% e o 100% de fertilidade.

En condicións ideais debemos traballar co obxectivo do 60% en embrións conxelados e o 70% en embrións frescos, e en calquera caso, niveis moi inferiores o 50% deben estimularnos a aplicar melloras nos diferentes pasos da técnica avaliando cos diferentes profesionais implicados cales poden ser os factores a priorizar.

A interpretación do % de preñez obtido en menos de 50 transfencias pode resultar severamente enganoso. Ó igual que no caso da produción de embrións, o mais doado é que as árbores non nos deixen ver o bosque, o cal se agrava ao persoalizar os embrións pola súa importancia xenética, económica ou incluso afectiva, moitas veces si foron os mais difíciles de conseguir, a última oportunidade da nosa mellor vaca ,etc, facendo que subxetivamente inclinemos a balanza cara un lado ou cara o outro.

Un coñecemento adecuado de como deben ser as cousas, evitando crear expectativas fantasiosas contribuirá a plantexar o tema dun xeito profesional, sen obsesionarse con obter grandes éxitos nin pensar en grandes fracasos anticipadamente. Unha análise dos datos con criterios técnicos e coa suficiente autocrítica por parte de todo o persoal involucrado pode ser a única forma de consolidar o uso dunha técnica de incuestionables ventaxas como e a transferencia embrionaria.

Táboa 3

Preñeces conseguidas / frecuencia promedio	
0/4	6% (1/16)
1/4	25% (1/4)
2/4	38% (3/8)
3/4	25% (1/4)
4/4	6% (1/16)



As mellores familias de vacas do mundo están presentes en Bos

Ti tamén podes telas na túa granxa



Bos Rubens Antía Roja ET EX
Familia Scarlett Red



Bos Wade Quintana ET 2EX
Familia Blackstar Blossum



Bos Mandel Rigueira ET 2EX
Familia Sally´s



Bos Igniter Agría ET MB-89 (1ºp.)
Familia Trois Cent



Bos Igniter Valiosa ET MB-89 (2ºp.)
Familia Gypsy Grand



Bos Stormatic Rosi ET MB-87 (1ºp.)
Familia Bstar E Raven




Bos Convincer Gypsy ET MB-89 (2ºp.)
Familia Gypsy Grand



Bos Stormatic Nariga MB-88 (2º p.)
Filla de Bos Convincer Gypsy




Bos James Lana ET MB-88 (2ºp.)
Familia Laurie Sheik



Bos Champion Danssel ET MB-88 (1º p.)
Familia Daurel



Bos Igniter Glinda ET MB-88 (1ºp.)
Familia Rudolph Glinda



Bos Igniter Sacha ET MB-87 (1ºp.)
Familia Seventy Chief

Embrions disponibles, consulta a nosa web: www.fefriga.com/utebos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Libro xenealóxico

PROBAS DE FILIACIÓN

Os datos xenealóxicos, morfolóxicos e productivos rexistrados no Libro Xenealóxico, son a base das avaliacións xenéticas dos reprodutores (machos e femias) e son empregados para estimar o progreso xenético da poboación e a elaboración dos programas de mellora.

Da fiabilidade dos datos contidos no Libro depende a precisión dos resultados esperados, por elo, e dende os diferentes ámbitos que interveñen na súa recollida, estanse a establecer e incrementar os controis e medidas necesarias para maximizala. Neste senso e contando coas garantías que achega a técnica do ADN, estanse a potenciar (entre outras medidas) as probas de filiación en machos e femias.

FIGURA 1

ANÁLISIS DE FILIACIÓN ISAG LABORATORIO DE GENÉTICA MOLECULAR

Remitente: XENÉTICA FORTAO, S.A. Código Rem.: 1 Fecha Entrada: 16/11/2007
 Propietario: XUNTA DE GALICIA Código Prop.: C.E.A.

Nombre: BOS BOLTON BOIMORTO ET C.I.B.: ES031106930730 Nº Registro: ESPM1502835651
 Nº Muestra: 07M19009 I.M.R.: Código Análisis: F0711668 Tipo de Muestra: SANGRE ENTERA
 Especie: VACUNO Raza: FRISONA Sexo: MACHO Fecha Nacemento: 12/09/2007

PADRE: SANDY-VALLEY BOLTON ET TL TV Nº Registro: USAM0131823833 Nº Muestra: 07M04080 I.M.R.: 028HO15111
 MADRE: KERNDTWAY MORTY HOLLY ET Nº Registro: USAH0134222097 Nº Muestra: 07M19039 I.M.R.:

LOCOS ANALIZADOS	BM124	BM2113	ETH3	ETH6	ETH25	INRA223	SFS115	TOLA53	TOLA122	TOLA126	TOLA227
MUESTRA	178/182	135	117/129	209/217	150	206/214	248	160/162	143/161	117	91/ 97
PADRE	178/188	125/ 135	129	209/213	150	202/214	248	160/ 168	143/ 163	117	91/ 97
MADRE	178/182	125/ 138	117	217/219	150	206	248	158/ 162	143/ 161	115/117	89/ 97

El resultado de los datos de los marcadores analizados está ajustado a la muestra de referencia (muestra #1) del Test de Comparación Internacional de ADN Bovino (I.A.G.S. 2001-2002) según el protocolo de la muestra referida.
 Lugar: 27 de noviembre de 2007
 Responsable del Laboratorio de Genética Molecular: [Firma]

ANÁLISE DE FILIACIÓN
 Proba de paternidade e maternidade.

FIGURA 2



REGISTRO PROVISIONAL
 Se no momento de rexistrar un becerro aínda non ten feito as probas de filiación, rexístrase provisionalmente e emítese un certificado de rexistro que así o especifica.

FIGURA 3



CERTIFICADO DEFINITIVO
 Unha vez feitas as probas de filiación o animal considerárase oficialmente inscrito e emírase un novo certificado de rexistro.

MACHOS

Dende o día 1 de Xaneiro de 2007, todo macho (nacional ou importado) rexistrado no Libro Xenealóxico da Raza Frisona Española que se utilice ou se vaia a utilizar como semental, debe de contar OBRIGATORIAMENTE coas correspondentes probas de filiación (maternidade e paternidade). A descendencia de aqueles machos que no cumpran con este requisito, serán inscritos directamente no Rexistro Auxiliar A (ver Branco e Negro nºs 25, 26, 27 e 29).

Dende dita data, os becerros que no momento da súa inscrición aínda non contan con ditas probas, son rexistrados de forma provisional, o cal se reflicta claramente no seu Certificado de Rexistro (ver Fig. 2).

A fin de evitar problemas insalvables (morte da nai ou do propio animal) é imprescindible realizar as probas de filiación (MATERNIDADE e PATERNIDADE) (ver Fig. 1) e remitir os resultados ás oficinas de Rexistro o antes posible e sempre, antes de utilizar o becerro como semental.

FEMIAS

Realizaranse probas de paternidade aleatorias e dirixidas.

Probas aleatorias

- Anualmente e tendo en conta o número de animais rexistrados en cada Autonomía, procederase á realización da proba de paternidade sobre un determinado número de animais elexidos ó azar.
- O custo das probas máis os gastos de extracción dos animais positivos será por conta de Conafe, mentres que os dos animais que resulten negativos serán por conta do seu propietario.

- En tódolos casos (probas aleatorias ou dirixidas) os animais que resulten negativos serán reclasificados no Rexistro Auxiliar Categoría "A", eliminarase da base de datos a súa xenealoxía e méritos xenéticos, e a súa descendencia será reclasificada no rexistro que, en cada caso, corresponda.

Probas dirixidas

- En función da negatividade rexistrada en anos anteriores ou outras causas que así o aconsellen (falta de dilixencia no rexistro, discrepancia entre datos de inseminación e rexistro, etc,...), realizaranse mostras significativas (en base ó número de animais) en diversas explotacións.
- Para as probas dirixidas procederase como segue:

Primeiro ano: se a negatividade das probas realizadas en 2008 se sitúa en :

- Menos do 15%: actuarase como nas probas aleatorias.
- Entre o 15 e o 30%: ademais das medidas comúns para animais negativos, a explotación será incluída no mostreo do ano seguinte e analizaranse entre o 30 e o 50% dos animais.
- Maior do 30%: a gandería será incluída no chequeo do ano seguinte sendo analizados tódolos animais do rabaño.

Os custos da análise e extracción dos animais positivos será por conta de Conafe, as dos animais negativos, por conta do propietario.

Segundo ano: Os custos xerados pola análise e extracción de mostras será en tódolos casos (negativos e positivos) por conta do gandeiro, ademais, se a negatividade detectada se sitúa:

- Entre o 15 e o 30% a gandería será incluída nas probas do ano seguinte e realizaranse probas a tódolos animais menores de 36 meses.
- Maior do 30%: inclusión da gandería nas probas do ano seguinte. Análise de tódolos animais do rabaño ou, a petición do gandeiro, reclasificación de tódolos animais que non teñan proba no Rexistro Auxiliar "A".

Terceiro ano: Os custos de extracción e análise serán por conta do gandeiro, ademais se a negatividade se sitúa entre:

- 15 e 30 %: advertencia de expulsión do Libro. Posibilidade, a petición do gandeiro, de reclasificar tódolos animais no Rexistro Auxiliar "A".
- maior do 30%: Expulsión do Libro Xenealóxico e reclasificación de tódolos animais no Rexistro Auxiliar "A".

DOADORAS DE EMBRIÓNS

Para poder rexistrar un animal procedente de T.E. é obrigatorio que a súa nai conte coas preceptivas probas de paternidade, do contrario, o animal en cuestión será inscrito no Rexistro Auxiliar "A".

A fin de evitar posibles problemas, é aconsellable realizar ditas probas con anterioridade á primeira recolleita, a toda vaca que vaia ser utilizada como doadora de embrións.

PARTO XEMELGO

No caso de animais procedentes de parto xemelgo, as probas de filiación deben de realizarse a partir de tecido ou pelo, xa que, en algúns casos a proba a partir do sangue, pode presentar resultados inexactos ou distorsionados.

Estamos a preparar 22 animais para a
XII Subhasta Top-Bos
xa dispón dun adianto en www.fefriga.com



Silleda, sábado 14 de xuño de 2008



axenda 08

1 marzo	POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA - Lugo
29-30 marzo	XIV CONCURSO e I POXA DE GANDO FRISÓN FEIRADEZA '08 en Lalín (Pontevedra)
12-13 abril	XXII CONCURSO DE GANDO FRISÓN MOEXMU '08 en Cospeito (Lugo)
24 abril	POXA EN MONTERROSO - Lugo
7 xuño	POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA - Lugo
11-15 xuño	31ª EDICIÓN FERIA INTERNACIONAL SEMANA VERDE DE GALICIA XVII CONCURSO AUTONÓMICO DA RAZA FRISONA FEFRIGA '08 XXX CONCURSO INTERNACIONAL DE FRISÓN SEMANA VERDE '08 XXIV CONCURSO DE XÓVENES MANEXADORES SEMANA VERDE 'MEMORIAL LUIS LOUZAO' 08 VIII CONCURSO DE PINTURA FEFRIGA '08 XII SUBHASTA TOP-BOS
29-31 xullo	XXII ESCOLA DE XUICES GANDEIROS FEFRIGA '08
1-5 setembro	IV ESCOLA DE XÓVENES MANEXADORES FEFRIGA '08
25-28 setembro	XXX CONCURSO NACIONAL DE OTOÑO CONAFE '08
2-5 outubro	EXPOLUGO
19 outubro	XIII CONCURSO FRISÓN DA BECERRA SELECTA A ESTRADA '08 (Pontevedra)
25-26 outubro	XVII CONCURSO-SUBHASTA DE GANDO FRISÓN CHANTADA '08 (Lugo)
8 novembro	POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA (Lugo)
14 decembro	POXA EN MONTERROSO (Lugo)

Nova mocidade emprendedora

Nova sabedoría do rural

Hai moito máis que innovación, produción e calidade.
Hai moito máis que boas oportunidades para a
mocidade que elixe traballar no novo rural.
Hai outra filosofía de vida.... unha nova sabedoría.

E ti... se sempre volves ao rural ...
Por que non ficas a traballar nel?



novas axudas
á incorporación da mocidade á
actividade agraria
e mellora das explotacións

<http://mediorural.xunta.es>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Infórmate e establécete no rural.

NUDESA

NUTRIMENTOS DEZA, S.A.



Alimentando **Bos**

www.nudesa.com • Tel. 986 581 200